

ORDE do 19 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2024. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. DOG Nº 12, 17/01/2024

Obxecto e principios

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas a favor das persoas afectadas polos danos causados nos seus cultivos agrícolas polo xabaril, coa finalidade de compensar estes danos, e proceder á súa convocatoria para o ano 2024. (código de procedemento MT809E).

Ámbito de aplicación

1. Esta orde será de aplicación aos cultivos agrícolas danados polo xabaril pertencentes a explotacións agrarias situadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Persoas beneficiarias

1. Poderanse acoller a estas axudas:

a) As persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias onde se constaten os danos aos cultivos agrícolas producidos polo xabaril, inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga).

b) As persoas, físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias de autoconsumo onde se constaten os danos aos cultivos agrícolas producidos polo xabaril.

2. O expediente de axudas será único e comprenderá todos os danos producidos polo xabaril a unha mesma persoa beneficiaria antes da colleita.

Ambito temporal

Esta orde comprende as axudas para os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas que se **comuniquen desde o 11 de outubro de 2023 ata o 10 de outubro de 2024**.

Comunicación do dano

1. No **prazo máximo de tres días** á produción dos danos en cultivos agrícolas, as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias e de autoconsumo deberán poñelo en coñecemento da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda mediante unha chamada, no horario hábil, ao teléfono 012, na cal se lles facilitará un código de identificación que servirá para acreditar a chamada e identificar o expediente.

O horario hábil de atención telefónica é desde as 8.00 ata as 20.00 horas de luns a venres, e desde as 8.00 ata as 17.30 horas os sábados

Importe das axudas

1. O importe das axudas por danos causados nos cultivos agrícolas polo xabaril figura no anexo I desta orde.
2. O **importe máximo por persoa beneficiaria establécese en 2.750 €**. No caso de que os danos excedan este importe, a persoa beneficiaria terá dereito á axuda máxima, é dicir, 2.750 €.

Presentación de solicitudes

Os prazos de presentación da solicitude de axuda serán os seguintes:

- a) Para os **danos comunicados entre o 1 de outubro de 2023 e a entrada en vigor desta orde**, o prazo de **presentación será ata o 17 de febreiro**.
- b) Para os danos comunicados desde a entrada en vigor desta orde, o prazo de presentación da solicitude de axuda será **dun mes contado desde o día seguinte ao da comunicación do dano ao teléfono 012**, de acordo co establecido no artigo 6 desta orde.